

251	RODRÍGUEZ CORTIÑAS FRANCISCO	Lg. Foilebar. 27346 O Incio
87	SÁNCHEZ MACEDA DANIEL	Lg. Reboiro, 1. 27636 O Incio (Lugo)
20	VEIGA GARCIA JOSÉ MANUEL	Santa María do Mao, 7. 27636 O Incio (Lugo)

R. 0903

*Anuncio*

Autorizado pola superioridade o pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

CORREDOR SARRIA-MONFORTE DE LEMOS. TREITO: NOCEDA-A ÁSPERA

TERMINO MUNICIPAL DE O INCIO

CLAVE: LU/03/007.01.2

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega e coa asistencia do representante da administración, alcalde e secretario do citado concello.

**Día:** 26 de maio de 2016

**Hora:** de 10:00 a 11:00 h

**Lugar:** Concello de O INCIO

Lugo, 17 de marzo de 2016.- O xefe do servizo, Gerardo Pallares Sánchez

**EXPEDIENTE: X1553**

Término municipal de:		O INCIO
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:		Corredor Sarria-Monforte de Lemos. Treito: Noceda- A Áspera
Clave:		LU-03-007-01-2
PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
244	GONZALEZ PARDO MARIA JOSEFA LUISA, LOPEZ GONZALEZ MARIA DEL PILAR, LOPEZ GUTIERREZ JAVIER, ANA ISABEL, FERNANDEZ LOPEZ ISABEL, MANUEL, FERNANDEZ MENENDEZ MANUEL	LG BARRIO DO MESON Nº 11. NOCEDA. 27341 O INCIO. LUGO

R. 0904

**CONCELLOS**

ALFOZ

*Anuncio*

Habendo quedado, definitivamente aprobada en sesión extraordinaria celebrada polo Pleno o día 4 de febreiro de 2016, a Ordenanza xeral reguladora do uso dos camiños municipais, accesos e peches das fincas colindantes así como a derogación da anterior denominada Ordenanza reguladora do uso e proveitamento especial de vías públicas e espazos de titularidade municipal, aprobada en sesión plenaria, celebrada o día 30 de maio de 2013, en cumprimento do previsto no artigo 72.2, en relación co artigo 66.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, publíquese o texto íntegro das Ordenanzas epigrafiadas.

**ORDENANZA XERAL REGULADORA DO USO E APROVEITAMENTO ESPECIAL DE VÍAS PÚBLICAS, ACCESOS E PECHES DAS FINCAS COLINDANTES E ESPAZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Concello de Alfoz, consciente da importancia do sector forestal dentro do municipio, pero tamén polos importantes custos que esta actividade xera nas infraestruturas locais e os trastornos e molestia que supón para o conxunto da poboación, pretende establecer unha regulación do uso das vías de titularidade municipal, cualificando como uso común especial determinados transportes derivados da saca de madeira, así como os peches de fincas colindantes e pasos salvacunetas, de forma que fagan compatible a liberdade de empresa e o

desenvolvemento e explotación do sector forestal, coa preservación das vías municipais. Todo isto, faise tomando como base as competencias dos municipios nos ámbitos da infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, e en materia de policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios, planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística, establecidas na Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local (na redacción dada pola lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local) e na Lei 5/97 de 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como no previsto no Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real decreto 1372/86, do 13 de xuño, entre outras.

O importe conxunto de investimentos que durante os últimos anos se viñeron realizando no municipio para rehabilitar pistas e acondicionar camiños de titularidade municipal, induce a implantar unha normativa que, sen diminuír os dereitos que todos gozan para transitar, free o uso inadecuado ou desproporcionado dos mesmos e o conseguinte deterioro dos firmes.

O período transcorrido desde a data en que estas vías se acondicionaron serviu para que a Corporación coñeza os resultados que se derivan da inexistencia dunha normativa que impida o uso indiscriminado e negligente destes bens de dominio público.

Constitúe o obxecto desta ordenanza a regulación do uso común especial dos camiños e vías de titularidade municipal, constituído pola circulación polas mesmas de vehículos dedicados a saca e transporte de madeira derivado da explotación forestal dos montes e demais terreos radicados no termo municipal, actividade forestal que consiste na extracción e saca de madeira dentro do termo municipal, para facela compatible coa conservación das vías municipais e coa seguridade viaria. Trátase xa que logo, de velar pola debida conservación das vías públicas de titularidade municipal, que son continuamente obxecto de estragos por causa das operacións de extracción e saca da madeira, e da maquinaria forestal; así como velar pola seguridade viaria, na medida en que o deterioro dos camiños e vías de titularidade municipal supón, obxectivamente, un incremento da perigosidade potencial no tráfico rodado polas mesmas.

A ordenanza afecta aos actos que se desenvolvan e que teñan por obxecto o transporte da madeira (operacións preparatorias de corta, desprazamentos de vehículos e maquinaria, construción de ramplas de acceso aos terreos, depósitos e transporte da madeira etc.) facendo compatible a liberdade de empresa e o desenvolvemento do sector forestal no concello coa conservación das vías de titularidade municipal e coa seguridade viaria.

En orde a reducir e eliminar paulatinamente esta situación, e ao abeiro das previsións contidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos Regulamentos de bens e servizos de aplicación na administración local, así como da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establécese a presente normativa.

Neste orde de cousas invócanse como títulos competencias específicos os seguintes:

Os artigos 4, 25.2 d), 26, 54 e 139 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Os artigos 6 e 80.2.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Os artigos 75.1.b) e 77 do Regulamento de bens das Entidades Locais, aprobado por Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño.

Así mesmo, invócase o artigo 10 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobada polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, como motivación para establecemento destas normas.

Noutro orde de cousas, a presente Ordenanza pretende regular nestas vías, a execución de peches na súa colindancia cos camiños, de forma que os mesmos non impidan ou dificulten as labores de mantemento e roce, a debida protección do dominio público, a execución de salvacunetas, así como establecer determinadas obrigas en orde ao uso dous mesmos impedindo o deterioro dos noiros e cunetas, impedir o vertido de puríns e terras tipificando as correspondentes infraccións e fixando as debidas sancións.

Finalmente sinalar que a regulación das infraccións e sanción que nesta ordenanza se establecen faise ao abeiro de canto se establece polo Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

## **TÍTULO I.- XENERALIDADES.**

### **Capítulo I.- Habilitación normativa.**

**Artigo 1.-** A presente Ordenanza dítase en virtude da potestade regulamentaria municipal recoñecida no Art. 4º a) da Lei reguladora das Bases de Réxime local 7/1985, dentro da esfera das súas competencias, entre as que se atopa segundo o establecido no Art. 25.2 d)e 26 da citada Lei, en orde á infraestrutura viaria e accesos a núcleos de poboación e pavimentación de vías públicas.

### **Capítulo 2.- Obxecto e definicións.**

**Artigo 2.-** O obxecto da presente Ordenanza é a regulación do uso e aproveitamento das vías públicas ou camiños urbanos e rurais, dentro do termo municipal de Alfoz, exceptuando as servidumes típicas de fincas illadas que se rexerán polos artigos dende o 564 ao 568 do Código Civil.

Tampouco será de aplicación a presente ordenanzas ás pistas forestais definidas no artigo 98 da Lei de Montes de Galicia e que, por definición, non pertencen a rede viaria municipal na medida en que a súa finalidade específica é a de servir a xestión forestal dos montes

### **Artigo 3.- Definicións.**

Vía pública: Aos efectos desta Ordenanza enténdese por vía pública as avenidas, rúas, paseos, beirarrúas, prazas, cunetas, camiños, tanto urbanos como rurais, xardíns, zonas verdes, zonas terrosas, pontes, túneles, peonís, e demais bens de propiedade municipal destinados ao uso común e xeral dos cidadáns.

Camiño: Aos efectos desta Ordenanza enténdese por camiño o viario de dominio e uso público de terra ou pavimentado de pequenas dimensións que serve principalmente para as conexións interparroquiais, barrios, lugares, agros, vilares, etc..

Estrada: Aos efectos desta Ordenanza enténdese por estrada ás vías de dominio e uso público asfaltadas, proxectadas e construídas para a circulación de vehículos.

Actividade forestal: Aquela que se desenvolve a partir do aproveitamento múltiple dos recursos que proporcionan os terreos nos que vexetan especies arbóreas, sexan de nacemento ventureiro, de semente ou de plantación, sempre que non sexan características de cultivo agrícola.

Saca de madeira: Para os efectos desta ordenanza, enténdese por saca de madeira a totalidade das operacións que se desenvolvan dentro do concello, que teñan por obxecto a obtención e transporte de madeira de corta, incluíndo tanto as operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento de vehículos e maquinaria, construción de ramplas ou accesos ás fincas, preparación do terreo, etc.) como as posteriores (preparación e depósito da madeira, cargamento e transporte).

Cortas de madeira: Aos efectos desta Ordenanza enténdese por corta a operación silvícola de apeo das árbores, entendéndose por corta de policía as cortas de mellora que afectan só ao arboredo seco, enfermo ou danado.

Empresa madeira: persoa física ou xurídica que realice os labores de preparación do terreo, repoboación, corta, saca, depósito e/ou transporte da madeira. Tamén abrangue a aquelas persoas propietarias que realicen algúns destes labores nas parcelas da súa propiedade, sempre e cando non sexa para o autoconsumo de madeira e teñan por destino a súa comercialización

Sección do camiño: Os camiños públicos xeralmente disporán dunha zona de rodadura, cuneta terraplén e taludes, de forma que o dominio público municipal comprende a sección medida entre as liñas exteriores dos terrapléns ou taludes cando existan, de non existir estenderase até a liña exterior das cunetas.

Peche: Entendese por peche todo elemento incorporado ao solo para delimitar a propiedade privada.

En ningún caso se considerará peche a construción de muros de contención anque, teñan a función de peche, xa que os mesmos precisan de licenza urbanística previa e a presentación de proxecto asinado por técnico competente.

Recuadado: Vén determinado pola liña de peche establecida na normativa urbanística de de aplicación, en todo caso, os peches que se executen en colindancia cos camiños municipais, o peche situarase en liña cos "pedreiros" da finca.

Pedreiros: Enténdese por pedreiro os sinal ou marco demilitador da finca.

Paso salvacunetas: Enténdese por paso salvacunetas a construción que se realiza sobre a mesma para acceder ás fincas colindantes.

## **TÍTULO II. USOS E APROVEITAMENTOS.**

**Artigo 4.-** A finalidade das vías públicas é o seu uso pacífico, libre, seguro e xeral, tanto para persoas como para animais e vehículos. Por iso, queda prohibido impedir o libre paso por eles, incluíndo dita prohibición calquera práctica cuxo fin ou efecto sexa o de non permitir o uso xeral antes definido, tanto de palabra como por feitos, barreiras, obras ou indicacións escritas de prohibición de paso. Quedan exceptuadas desta prohibición aquelas que respondan ás necesidades municipais e estean ordenadas pola autoridade competente.

Entenderase que existe uso común especial das vías de titularidade municipal cando se proceda ao transporte de madeira derivado de sacas forestais superiores aos 20 metros cúbicos.

### **Capítulo I. Limitacións a actividades en cuxo desenvolvemento se faga uso de vías públicas.**

#### **Artigo 5.-** Circulación de vehículos pesados.

En función á climatoloxía ou a situación que o requira para a protección do firme e a seguridade dos viandantes, o tránsito de vehículos pesados poderá ser regulado segundo o tipo de vía, podendo establecerse a prohibición de circular a vehículos de máis de 10 toneladas, ou segundo a tipoloxía da vía, a tonelaxe que proceda, exceptuando o tránsito por necesidades de auxilio.

#### **Artigo 6 .-** Carga, descarga e transporte de materiais e entullos.

Os responsables de operacións de carga, descarga e transporte de materiais ou entullos procederán á limpeza da vía pública e dos elementos desta que se tiveran ensuciado como consecuencia das citadas operacións.

Aos efectos da presente Ordenanza considéranse responsables das operacións de carga, descarga e transporte de materiais ao condutor do vehículo sendo responsables solidarios o subministrador dos materiais e o adquirente dos mesmos. No caso de carga, descarga e transporte de entullos considéranse responsables ao condutor do vehículo e solidariamente ao promotor dos traballos que xerou ditos entullos.

**Artigo 7.-** Limpeza e reparación de vehículos en vía pública.

Queda prohibido lavar vehículos e maquinaria na vía pública, efectuarlles cambios de aceite ou outros líquidos, así como reparalos, salvo actuacións puntuais de emerxencia, debendo en todo caso proceder con posterioridade á limpeza da zona afectada.

**Capítulo II. Obrigas e limitacións de parcelas e inmobles estremeiros con vía pública.**

**Artigo 8.-** Conservación das cunetas e sumidoiros.

Os usuarios das fincas limítrofes a vías públicas, por razón do uso e aproveitamento das mesmas, terán a obriga de conservar debidamente as cunetas e sumidoiros estremeiros, sendo responsable subsidiario o propietario da finca de orixe.

As labores periódicas de conservación efectuadas polo Concello non eximen ao propietario da súa obriga.

Queda expresamente prohibido o depósito nas cunetas de restos construtivos ou entullos, de materia vexetal, plásticos ou calquera outro elemento que poida supoñer unha obstrución das mesmas.

En caso de precisar colaboración por parte do Concello na conservación das mesmas comunicarse en tempo e forma debida co fin de minimizar os danos que poida ocasionar a súa obstrución. No caso de non comunicalo o propietario estremeiro asumirá a responsabilidade dos posibles danos que se rexistren.

O Concello resérvase o dereito de realizar ou construír novas cunetas, taxeas ou sumidoiros, que permita nunha mellor distribución das augas co fin de diminuír o dano nas vías públicas e mellorar a súa conservación.

**Artigo 9.-** Limpeza de fincas e solares estremeiras con vías públicas.

Polo que atinxe a roza da vexetación estarase ao regulado nos artigos 20 bis, 21 e 21 bis da lei 3/2007 do 9 de abril, de prevención e defensa dos incendios forestais de Galicia, deste xeito:

a) As fincas de solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado situado a menos de 400 metros do monte deberán permanecer limpas de broza, arbustos e vexetación de acordo co previsto na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

b) Do mesmo xeito os propietarios, usufrutuarios e titulares catastrais, están obrigados a xestionar a biomasa nos termos establecidos na Lei de incendios forestais de Galicia.

c) É obriga dos propietarios/as das fincas a realización das tarefas de roza, evitando que a vexetación invada a vía pública, así como as escorrentas laterais, cunetas e pasos de auga.

d) Así mesmo, é obriga destes propietarios/as de fincas estremeiras coa vía pública, a poda ata unha altura de 4,5 metros das ramas dos árbores que partindo da súa propiedade invadan a vía pública. No caso de árbores de froita estarase ó disposto no artigo 591 do Código Civil.

e) En caso de incumprimento do establecido nos apartados anteriores deste artigo, o Concello poderá notificar ás persoas responsables as súas obrigas en materia de limpeza de fincas estremeiras coa vía pública. Se no prazo de 15 días naturais os/as titulares das fincas non acometen as tarefas de limpeza, o Concello poderá proceder á execución subsidiaria dos citados traballos de limpeza, repercutindo o custo destes traballos ao/á propietario/a da parcela e, todo iso, sen prexuízo de seren comunicado, no caso de que non sexa competencia do concello, á Consellería competente nesta materia para que inicie o procedemento sancionador que corresponda.

**Artigo 10.-** Plantacións.

Para os efectos da distancia de arboredo estarase ao regulado pola lei 7/2012 do 28 de Xuño de Montes de Galicia, (artigo 68).

**Artigo 11.-** Arado e outros traballos agrícolas en fincas estremeiras coa vía pública.

O límite da aradura debe ser o límite do noiro ou do terraplén ata onde chegue a maquinaria sempre realizando o traballo dentro da propia finca sen invadir o camiño.

A invasión das cunetas constitúe apropiación do dominio público e uso indebido do mesmo.

Todos os traballos que impliquen emprego de maquinaria deberán efectuarse dentro dos límites da propia finca, quedando prohibida a realización de manobras de xirado, arrastre de apeiros ou calquera outra que poidan implicar danos á vía pública.

O arrastre de terras ou calquera outro material debido á entrada ou saída de maquinaria da vía pública deberá de ser retirada polo causante coa maior celeridade posible, sendo responsable subsidiario o propietario da finca de orixe. En calquera caso, se no prazo de 24 horas non se produciu a súa retirada iniciárase o correspondente expediente sancionador.

### **Capítulo III. Obras efectuadas por particulares que afectan á vía pública.**

**Artigo 12.-** Apertura de gabias, exploracións e calas en vías públicas e remoción de pavimento ou beirarrúas.

Toda operación de apertura de gabias, exploracións e calas en vías públicas e remoción de pavimento ou beirarrúas, está suxeita a licenza urbanística ou autorización demanial.

**Artigo 13-** Ocupacións temporais.

Por razóns de interese público, e de forma motivada, por razóns de interese particular poderán autorizarse ocupacións de carácter temporal ou instalacións desmontables sobre a vía pública, sempre que non alteren o tránsito normal. Estas deberán ser autorizadas polo órgano local competente, tendo que facer efectiva a correspondente taxa segundo o disposto no capítulo III da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial de Bens e Instalacións de Dominio Público Municipal, segundo acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión do día 12 de maio de 2009.

Queda excluída do pago da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial de Bens e Instalacións de Dominio Público Municipal, a ocupación temporal dos espazos públicos habilitados para depósitos de madeira, aínda que estarán obrigados igualmente ao cumprimento do resto das condicións.

**Artigo 14.-** Limitacións nos accesos das fincas particulares aos camiños.

O Concello pode limitar os accesos dende os camiños públicos ás fincas particulares e establecer con carácter obrigatorio os lugares en que teñen que construírse estes accesos por razóns técnicas. A construción de salvacunetas realizarase nos termos previstos nesta ordenanza.

Os gastos de construción destes accesos correrán a cargo dos seus beneficiarios, e será tamén da súa responsabilidade o seu mantemento e substitución.

Os accesos ou salvacunetas manteranse permanentemente en perfecto estado, mantendo libre a luz dos tubos co fin de permitir o perfecto transcorrer das augas, en caso contrario, os danos causados nas vías públicas motivados polo seu atranco correrán a cargo do propietario do mesmo, reservándose o Concello o dereito de levantar dita entrada se con iso se minimizan os danos na vía, correndo os gastos de reposición por conta do seu propietario e todo iso sen prexuízo do inicio do correspondente expediente sancionador.

## **TÍTULO III.- LICENZAS OU AUTORIZACIÓNS**

### **Capítulo I.- Das licenzas e autorizacións demaniais**

**Artigo 16 .-** De acordo co establecido no capítulo anterior será precisa licenza ou autorización demanial para as seguintes actividades:

- a) Para o depósito de madeira ou outros materiais en vía ou espazo público.
- b) Para ocupacións temporais da vía pública.
- c) Para a apertura de gabias, exploracións e calas en vías públicas e remoción de pavimento ou beirarrúas.
- d) Colocación de paneis publicitarios.

### **Capítulo II.- Das Comunicacións Previas**

**Artigo 17.-** Da Comunicación Previa, segundo o modelo que se une como anexo desta ordenanza, para o uso especial das vías e camiños de titularidade municipal.

1. Será necesario a Comunicación Previa ao concello para a realización das seguintes actividades:

- a) Para o uso das vías municipais na carga e transporte de madeira así como calquera outra actividade que de xeito extraordinario se realice por esas vías e afecte ao seu estado ou conservación.
- e) Para o cerramento de fincas estremeiras coa vía pública.
- c) Para a construción de salvacunetas ou accesos ás fincas particulares.

2. Co fin de garantir a conservación da rede viaria municipal e evitar o risco de accidentes, e sen prexuízo dos permisos, autorizacións, comunicacións ou notificacións, que sexan outorgados polos organismos competentes na materia ou postos en coñecemento destes, establécese a obriga de comunicar perante o Concello as cortas de madeira que se realicen e que para a súa saca usen as vías de titularidade municipal, así como calquera outra actividade que de xeito extraordinario se realice por estas vías e afecte ao seu estado ou conservación establecéndose a obriga de solicitar o seu uso ao Ente Local.

A comunicación será realizada no concello antes de se iniciar a actividade e no caso das cortas ou talas de madeira, o comprador, ou titular da empresa madeireira responsable, antes de iniciar o aproveitamento para solicitar o uso das vías, entregará no concello unha copia do permiso, autorización comunicación ou notificación de que se trate, achegando xunto a comunicación dos traballos a realizar na que se especificarán os datos seguintes:

- a) Titular o titulares da finca ou monte afectado.
- b) Datos do empresario madeireiro ou comercial extractora.
- c) Data ou período previsto para a realización do transporte.-
- d) Previsión de Tn. a extraer.
- e) Localización da finca ou monte afectado: Plano catastral e do XISPAC
- f) Lugar de depósito, camiños e vías de titularidade municipal a utilizar nos traballos e no transporte da madeira ou actividade de que se trate. Para estes efectos achegarase o ITINERARIO completo e datas da súa utilización que vai ser empregado para a actividade ou traballo de que se trate, que será aprobado, condicionado ou rexeitado polo concello.
- g) Relación de vehículos que se van a utilizar no transporte facendo constar matrículas, tara e PMA de cada un deles.
- h) Declaración responsable de reposición de danos nos bens de titularidade municipal e compromiso de retirada da biomasa sobrante que accidentalmente quede depositada nas vías a utilizar.
- i) O interesado na súa declaración entenderá que as vías públicas a utilizar atópanse en perfecto estado, agás que achegue unha reportaxe fotográfica do estado anterior das vías a utilizar que será comprobado polos servizos municipais. Posteriormente, trala súa utilización achegará, así mesmo, unha reportaxe fotográfica do estado de discrepancias da anterior.

Na comunicación farase constar a obriga e conformidade por parte do titular da actividade, de retirar da zona de extracción e depositar no lugar específico todos os lixos que puideran ocasionarse da actividade.

3.- Coa Comunicación Previa deberá aportarse copia da póliza de responsabilidade civil e do derradeiro recibo da prima pagado. A póliza deberá recoller expresamente a cobertura dos danos ás vías de titularidade municipal.

4.- Prohíbese realizar tarefas de carga e almacenamento sobre os viarios municipais e estruturas anexas, aínda que se autorizan as operacións imprescindibles para a súa carga, axustándose á normativa de seguridade viaria e tráfico; en todo caso, as cunetas quedarán no estado primitivo que tiñan trala tala.

Os restos ou depósitos de materiais procedentes da tala, poda ou entresaca, non poderán invadir os viarios na zona de circulación de vehículos e peón, nin nas cunetas.

5.- Sen prexuízo do establecido na lexislación urbanística, de medio ambiente forestal, do código da circulación e demais lexislación, normas e/ou ordenanzas que puideran ser de aplicación, o posuidor dunha autorización para a tala, depósito, carga e transporte de madeira estará obrigado a reparar de forma inmediata (no prazo máximo de cinco días) os danos producidos nos viarios ou nas estruturas anexas, así como á retirada e limpeza dos restos procedentes das operacións de tala, carga e almacenamento.

O exercicio das actividades descritas no presente capítulo sen comunicar a correspondente acción a desenvolver, sen prexuízo da sanción correspondente, implicará a paralización da actividade ata a conclusión do expediente levando aparelada a reposición das vías municipais ao seu ser e estado primitivo.

### **Capítulo III.- Normas de procedemento nas comunicacións previas para o uso especial das vías e camiños municipais.**

#### **Artigo 18.- Tramitación da Comunicación Previa**

1.-Analizada a documentación, e en función da adecuación ou non do seu contido ao ordenamento urbanístico e ás prescricións da presente ordenanza, a tramitación dos actos suxeitos a Comunicación Previa finalízase dalgunha das seguintes formas:

a) Transcorridos 15 días hábiles desde a presentación da Comunicación Previa cumprindo todos os requisitos esixidos a mesma constitúe título habilitante para o inicio dos actos de edificación e uso do chan e subsolo suxeitos a ela, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección posteriores por parte do Concello.

b) Cando a documentación aportada sexa insuficiente ou incompleta, o Concello requirirá a subsanación ou completo da mesma, adoptando no seu caso, as medidas provisionais que se estimen necesarias para evitar a alteración da realidade en contra da ordenación urbanística aplicable. O requirimento deberá facerse no prazo dos dez días seguintes ao da presentación da comunicación previa e no mesmo farase saber ao interesado que se absteña de executar a súa actuación; no prazo antes sinalado deberá o interesado proceder a

subsanción ou completo da comunicación previa e da documentación achegada, advertíndolle que de non facilitala procederase terase por desistido.

3) Dentro dos quince días seguintes á presentación da Comunicación previa o Concello poderá declarar completa a documentación presentada.

4) Cando se estime que as obras obxecto da Comunicación Previa non están incluídas entre as previstas para ser tramitadas por este procedemento, no prazo de quince días hábiles, notificácese ao solicitante de que se absteña de executar a súa actuación, procedendo a continuarse a tramitación mediante o procedemento de outorgamento de licenzas urbanísticas.

5) Cando a actuación comunicada non se axuste ao planeamento vixente, no prazo de quince días hábiles notificarase esta circunstancia ao interesado, indicándolle que debe absterse a continuar coa actuación e paralizar de inmediato as obras e instalacións iniciadas.

6) A Comunicación Previa non supón en ningún caso que as actuacións na mesma previstas non poidan entenderse suxeitas á potestade de intervención administrativa, que adoptará a fórmula de comprobación, control e inspección posterior para a verificación do axuste entre o executado e o comunicado.

8.- O Concello ditará a orde de execución que proceda para garantir a plena adecuación do acto ou actos á ordenación urbanística dentro dos quince días seguintes á data de adopción de calquera medida provisional. A orde que dite terá os efectos propios da licenza urbanística.

Transcorrido un mes da resolución sen a realización das obras requiridas, o Concello procederá a execución subsidiaria a costa do solicitante, esixíndolle a este os custos que superen a fianza de ser o caso adoptando as medidas legais necesarias contra o titular da autorización.

## **TÍTULO IV.- DOS PECHES E SALVACUNETAS**

### **CAPÍTULO I: RÉXIME XURÍDICO**

#### **Art. 19.- Requisitos para os peches de fábrica**

Para realizar peches de fábrica, será obrigatorio presentar nas oficinas municipais unha comunicación previa por escrito, cunha antelación mínima de quince días ao comezo das obras. Isto farase sen prexuízo da necesaria obtención, con carácter previo, dos permisos ou autorizacións que, conforme á normativa vixente, sexan preceptivos (Patrimonio, Confederación Hidrográfica, Augas de Galicia, etc.).

#### **4.1. Requisitos para os peches de fábrica en solo rústico**

Segundo o artigo 42.1.c da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, os peches de fábrica non superarán a altura de 1 metro, salvo en parcelas edificadas, que poderán chegar a 1,5 metros. En todo caso deberán realizarse con materiais tradicionais do medio rural no que se localicen, non permitindo o uso de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos na forma que regulamentariamente se determine.

Segundo o artigo 17 das Normas Complementarias e Subsidiarias da Provincia de Lugo, os peches recuaranse das vías públicas o que dispoña a lexislación sectorial correspondente, con unha distancia mínima ao eixo de 5 metros, sempre que esa distancia sexa superior a 1,5 metros do borde. Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de "pedreiros" e peches de postes e arame, destinados a delimitar a propiedade rústica, segundo o artigo 106 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. A colocación de "pedreiros" e peches de postes e arame rexerase polo exposto no artigo 20 desta ordenanza.

#### **4.2. Requisitos para os peches de fábrica no solo urbano e solo de núcleo rural**

Segundo o artigo 17 das Normas Complementarias e Subsidiarias da Provincia de Lugo, os peches terán unha altura inferior a 2,5 metros contados a partir da rasante interior do terreo, se son opacos, e recuaranse das vías públicas o que dispoña a lexislación sectorial correspondente, con unha distancia mínima ao eixo de 5 metros, sempre que esa distancia sexa superior a 1,5 metros do borde.

Segundo o artigo 104 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, a tipoloxía das construcións terá que ser congruente coas características do entorno e os peches de parcelas terán que armonizar coa paisaxe en que vaian emprazarse.

Os peches de fábrica deberán executarse con chaflán nas esquinas das fincas colindantes coa vía pública, no punto de colindancia co cruce de dúas vías públicas, para garantir a seguridade do tráfico rodado, de forma que se manteña a visibilidade.

O escrito de comunicación previa será asinado polo titular da finca, debendo constar nela os seguintes datos:

- Nome, apelidos, NIF, domicilio a efecto de notificacións, medio para facelas (escrito electrónico), teléfono e dirección de correo electrónico.

Acompañarase ao escrito de comunicación previa a seguinte documentación:

- Acreditación, no seu caso, da representación cando se actúe en nome doutra persoa física ou xurídica.
- Plano catastral identificativo da finca.
- Memoria e orzamento previsto, con descrición dos materiais a empregar, acoutado de recuamentos á vía pública e altura do peche.

O Concello terá a disposición das persoas interesadas un modelo normalizado de escrito de comunicación previa, tal e como se recolle no Anexo I, tendo que facer efectivo o pago do correspondente imposto seguido a Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

**Artigo 20.-** Requisitos para os peches con postes e arame.

Para realizar peches de postes e arame, será obrigatorio presentar nas oficinas municipais unha comunicación previa por escrito, cunha antelación mínima de quince días ao comezo das obras. Isto farase sen prexuízo da necesaria obtención, con carácter previo, dos permisos ou autorizacións que, conforme á normativa vixente, sexan preceptivos (Patrimonio, Confederación Hidrográfica, Augas de Galicia, etc.).

Cando estes peches se executen en colindancia cos camiños municipais, o peche situarase en liña cos “pedreiros” da finca, de forma que non impida a limpeza e roza dos terraplés e noiros. En todo caso o recuamento mínimo será de medio metro a contar en perpendicular a arista exterior do dominio público municipal

Queda prohibido o uso de arame de espiños.

O escrito de comunicación previa será asinado polo titular da finca, debendo constar nela os seguintes datos:

- Nome, apelidos, NIF, domicilio a efecto de notificacións, medio para facelas (escrito electrónico), teléfono e dirección de correo electrónico.

Acompañarase ao escrito de comunicación previa a seguinte documentación:

- Acreditación, no seu caso, da representación cando se actúe en nome doutra persoa física ou xurídica.
- Plano catastral identificativo da finca.
- Memoria e orzamento previsto, con descrición dos materiais a empregar e acoutado de recuamentos á vía pública.

O Concello terá a disposición das persoas interesadas un modelo normalizado de escrito de comunicación previa, tal e como se recolle no Anexo I.

Debido á escasa entidade das obras, exclúense do pago do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras todos os peches con postes e arame, aínda que estarán obrigados igualmente a realizar a correspondente comunicación previa.

Quedan excluídos da obriga de presentación da correspondente comunicación previa, os peches temporais para pastoreo, aínda que estarán obrigados igualmente ao cumprimento do resto das condicións.

**Artigo 21.-** Requisitos para peches vexetais

Para realizar peches vexetais, será obrigatorio presentar nas oficinas municipais unha comunicación previa por escrito, cunha antelación mínima de quince días ao comezo das obras. Isto farase sen prexuízo da necesaria obtención, con carácter previo, dos permisos ou autorizacións que, conforme á normativa vixente, sexan preceptivos (Patrimonio, Confederación Hidrográfica, Augas de Galicia, etc.).

Cando estes peches se executen en colindancia cos camiños municipais, o peche situarase como mínimo a medio metro a contar en perpendicular á liña dos “pedreiros” da finca, de forma que non impida a limpeza e roza dos terraplés e noiros.

O escrito de comunicación previa será asinado polo titular da finca, debendo constar nela os seguintes datos:

- Nome, apelidos, NIF, domicilio a efecto de notificacións, medio para facelas (escrito electrónico), teléfono e dirección de correo electrónico.

Acompañarase ao escrito de comunicación previa a seguinte documentación:

- Acreditación, no seu caso, da representación cando se actúe en nome doutra persoa física ou xurídica.
- Plano catastral identificativo da finca.

- Memoria con descrición dos vexetais a empregar e acoutado de recuamentos á vía pública.

O Concello terá a disposición das persoas interesadas un modelo normalizado de escrito de comunicación previa, tal e como se recolle no Anexo I.

Debido á escasa entidade das obras, exclúense do pago do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras todos os peches vexetais, aínda que estarán obrigados igualmente a realizar a correspondente comunicación previa.

#### **Artigo 22.- Requisitos dos pasos salvacunetas**

Os pasos salva cunetas de acceso ás fincas executaranse mediante tubos de formigón, PVC ou similar, de 40 de diámetro mínimo, debendo permitir o libre transcorrer das augas ao seu través, mantendo o nivel correcto para tal fin. Os tubos estarán, en todo caso, recubertos dunha capa de formigón e rematados mediante as correspondentes impostas, que garanta a súa resistencia.

Exímese da obriga de seren reforzados con formigón e rematados mediante impostas os pasos salvacunetas realizados en camiños non asfaltados, tendo neste caso que utilizar os tubos e materiais de recubrimento necesarios para que se garanta tanto a súa resistencia coma o libre transcorrer das augas ao seu través.

En calquera caso, o deseño, dimensións e materiais a empregar nos pasos salvacunetas poderán ser modificados puntualmente por razóns técnicas, previo informe do técnico municipal.

O escrito de comunicación previa será asinado polo titular da finca, debendo constar nela os seguintes datos:

- Nome, apelidos, NIF, domicilio a efecto de notificacións, medio para facelas (escrito electrónico), teléfono e dirección de correo electrónico.

Acompañarase ao escrito de comunicación previa a seguinte documentación:

- Acreditación, no seu caso, da representación cando se actúe en nome doutra persoa física ou xurídica.
- Plano catastral identificativo da finca.
- Memoria e orzamento previsto, con descrición dos materiais a empregar, acoutado de recuamentos á vía pública e altura do peche.

O Concello terá a disposición das persoas interesadas un modelo normalizado de escrito de comunicación previa, tal e como se recolle no Anexo I, tendo que facer efectivo o pago do correspondente imposto seguido a Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Debido á escasa entidade das obras, exclúense do pago do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras todos os pasos salvacunetas, aínda que estarán obrigados igualmente a realizar a correspondente comunicación previa.

#### **Artigo 22.- Requisitos das plantacións forestais**

De conformidade coas previsións da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia as novas plantación que se realicen en fincas colindantes con camiños municipais gardarán as seguintes distancias:

- a) Con vías públicas e camiños municipais. 4 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo 1 da citada Lei, e 10 metros no resto de especies, medidos en perpendicular a traza do camiño e desde o límite exterior do dominio público.
- b) Con pistas forestais principais. 2 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo 1 da citada lei; no resto de especies, 4 metros en xeral, e 6 metros nos concellos declarados como zona de alto risco polo órgano competente da Xunta de Galicia

Os propietarios, usufrutuarios, arrendatarios, etc. das fincas colindantes con camiños municipais deberán xestionar a biomasa, nos termos do artigo 21.bis) da Lei 3/2007, do 9 de abril, de incendios forestais de Galicia, é dicir, na faixa delimitada pola arista exterior do dominio público e unha liña paralela á mesma nunha distancia de 2 metros.

## **CAPITULO II. PROCEDEMENTO**

### **Artigo 23.-** Tramitación da Comunicación Previa

1. Analizada a documentación, e en función da adecuación ou non do seu contido ao ordenamento urbanístico e ás prescricións da presente ordenanza, a tramitación dos actos suxeitos a Comunicación Previa finalízase dalgunha das seguintes formas:

a) Transcorridos 15 días hábiles desde a presentación da Comunicación Previa cumprindo todos os requisitos esixidos a mesma constitúe título habilitante para o inicio dos actos de edificación e uso do chan e subsolo suxeitos a ela, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección posteriores por parte do Concello.

b) Cando a documentación aportada sexa insuficiente ou incompleta, o Concello requirirá a subsanación ou completo da mesma, adoptando no seu caso, as medidas provisionais que se estimen necesarias para evitar a alteración da realidade en contra da ordenación urbanística aplicable. O requirimento deberá facerse no prazo dos dez días seguintes ao da presentación da comunicación previa e no mesmo farase saber ao interesado que se absteña de executar a súa actuación; no prazo antes sinalado deberá o interesado proceder a subsanación ou completo da comunicación previa e da documentación achegada, advertíndolle que de non facilitala procederase terase por desistido.

3) Dentro dos quince días seguintes á presentación da Comunicación previa o Concello poderá declarar completa a documentación presentada.

4) Cando se estime que as obras obxecto da Comunicación Previa non están incluídas entre as previstas para ser tramitadas por este procedemento, no prazo de quince días hábiles, notificácese ao solicitante de que se absteña de executar a súa actuación, procedendo a continuarse a tramitación mediante o procedemento de outorgamento de licenzas urbanísticas.

5) Cando a actuación comunicada non se axuste ao planeamento vixente, no prazo de quince días hábiles notificarase esta circunstancia ao interesado, indicándolle que debe absterse a continuar coa actuación e paralizar de inmediato as obras e instalacións iniciadas.

6) A Comunicación Previa non supón en ningún caso que as actuacións na mesma previstas non poidan entenderse suxeitas á potestade de intervención administrativa, que adoptará a fórmula de comprobación, control e inspección posterior para a verificación do axuste entre o executado e o comunicado.

8.- O Concello ditará a orde de execución que proceda para garantir a plena adecuación do acto ou actos á ordenación urbanística dentro dos quince días seguintes á data de adopción de calquera medida provisional. A orde que dite terá os efectos propios da licenza urbanística.

### **Artigo 24.-** Obrigas.

Os titulares do pleno dominio das fincas colindantes con camiños, os usufrutuarios e arrendatarios virán obrigados a proceder á limpeza da calzada nos supostos en que sobre a mesma se vertan terras, biomasa, etc. con motivo da realización de labores agrícolas, forestais, desmontes, etc.

Queda prohibido o vertido de puríns na calzada, cunetas, taludes e terrapléns dos camiños públicos municipais.

### **Art. 25.-** Responsables.

Serán responsables do cumprimento das obrigas establecidos na presente ordenanza os titulares do pleno dominio das fincas, os titulares catastrais, os usufrutuarios e arrendatarios.

## **TÍTULO V.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

### **CAPÍTULO I.- INFRACCIÓNS.**

Son infraccións da presente ordenanza os actos e omisións que contraveñan o establecido na mesma. A comisión de calquera infracción levará aparellada a imposición aos responsables das correspondentes sancións, sen prexuízo da obriga de indemnizar aos prexudicados polos danos derivados da súa comisión.

**Artigo 26.-** A potestade sancionadora fundaméntase pola aplicación do establecido no artigo 44 apartado 2 do regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño en base supletoria ás disposicións contidas na Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

### **Artigo 27.-** Son infraccións leves:

a) A produción de danos nos bens de dominio público, cando o seu importe non exceda de 1.000 euros.

b) O incumprimento das disposicións que regulan a utilización dos bens destinados a un servizo público polos usuarios do mesmo.

c) O incumprimento das disposicións que regulan o uso común xeneral e especial dos bens de dominio público.

d) O incumprimento do deber dos titulares de concesións ou autorizacións de conservar en bo estado os bens de dominio público.

e) Colocación de paneis publicitarios fora dos lugares habilitados e realización de pintadas infrinxindo o establecido no artigo 16 da presente ordenanza.

f) Producir danos nas vías de titularidade municipal por manobras efectuadas con maquinaria no desenvolvemento de traballos agrícolas en fincas estremeiras coa devanditas vías, incluíndo o arrastre de terras ou doutros materiais.

g) Deixar abandonados nas vías de titularidade municipal restos de materiais ou entullos como consecuencia de operacións de carga, descarga ou transporte dos mesmos.

h) Falta de mantemento e limpeza de salvacunetas.

i) En xeral, o incumprimento das obrigas, requisitos ou prohibicións establecidos nesta ordenanza, que non estean cualificados como infraccións graves ou moi graves.

**Artigo 28.-** Son infraccións graves:

a) A produción de danos en bens de dominio público, cando o seu importe supere a cantidade de 1.000 euros e non exceda de 10.000 euros.

b) A realización de obras, traballos ou outras actuacións non autorizadas en bens de dominio público, cando produzan alteracións irreversibles neles.

c) A retención de bens de dominio público unha vez extinguido o título que llexitima a súa ocupación.

d) O uso común especial das vías e camiños municipais regulado nesta ordenanza sen a correspondente comunicación previa, cando se produza dano nas vías e camiños municipais.

e) O uso de bens de dominio público obxecto de concesión ou autorización sen suxeitarse ao seu contido ou para fins distintos dos que as motivaron.

f) A non suxeición e sometemento a licenza, obtida conforme ao procedemento previsto no artigo 16 da presente ordenanza.

g) As actuacións sobre bens afectos a un servizo público que impidan ou dificulten gravemente a normal prestación daquel.

h) Producir danos nas vías de titularidade municipal por arrastre de apeiros ou maquinaria agrícola.

i) O depósito, carga e transporte de mercadorías sen a correspondente comunicación responsable.

xe) A reincidencia en dúas infraccións leves no período de seis meses.

k) Falta de mantemento e limpeza de salvacunetas e gabias.

**Artigo 29.-** Son infraccións moi graves:

a) A produción de danos en bens de dominio público, cando o seu importe supere a cantidade 10.000 euros.

b) A usurpación de bens de dominio público.

c) A instalación de obstáculos ou a realización de calquera tipo de acto que impida totalmente o tránsito polas vías de titularidade municipal ou xere un elevado risco para a seguridade de persoas e cousas que circulen polas mesmas.

d) A non presentación do contrato de seguro de responsabilidade civil ou a presentación da mesma sen que cubra expresamente os danos ás vías e camiños municipais, nos supostos de uso especial dos mesmos derivados da corta e saca de madeira.

f) Cando no caso de comisión de infraccións graves concorra algunha das seguintes circunstancias:

a. Malicia ou intencionalidade.

b. Irreversibilidade do dano causado.

c. Reincidencia en dúas infraccións graves no período de un ano.

## **Capítulo II. Sancións.**

### **Artigo 30.- Importe de sancións**

a) As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de ata 3.000 euros, as graves con multa de 1.000 á 2.000 euros, e as leves con multa de ata 1.000 euros.

b) A infracción contemplada no parágrafo c) do artigo 29 sancionarase cunha multa de ata 10 euros por cada día de atraso no cumprimento do deber de comunicar a existencia dos saldos e depósitos abandonados, a contar desde o trixésimo día natural posterior a aquel en que naza esa obrigaón.

c) Para graduar a contía da multa atenderase ao importe dos danos causados, ao valor dos bens ou dereitos afectados, á reiteración por parte do responsable, e ao grado de culpabilidade deste; considerarase circunstancia atenuante, que permitirá reducir a contía da multa ata a metade, a corrección polo infractor da situación creada pola comisión da infracción no prazo que se sinale no correspondente requirimento.

e) Con independencia das sancións que poidan impoñérselle, o infractor estará obrigado á restitución e reposición dos bens ao seu estado anterior, coa indemnización dos danos irreparables e prexuízos causados, no prazo que en cada caso fíxese na resolución correspondente. O importe destas indemnizacións fixarase executivamente polo órgano competente para impoñer a sanción.

### **Disposición adicional única. Modelos de documentos**

1. Establécese o correspondente modelo normalizado de declaración responsable e comunicación previa no anexo I e II.

2. Facúltase á alcaldía para a aprobación e modificación de cantos modelos normalizados de documentos requira o desenvolvemento desta Ordenanza.

### **Disposición derogatoria.**

Queda derogada a ordenanza xeral municipal reguladora do uso e aproveitamento especial de vías públicas e espazos de titularidade municipal publicada no Boletín oficial da provincia de Lugo número 299 do 31 de decembro de 2013

### **Disposición final. Entrada en vigor**

Esta ordenanza entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e unha vez transcorrido o prazo a que se refire o artigo 65.2 en relación co artigo 70.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata que se aprobe a súa modificación ou derogación expresa.

ALFOZ, A 1 de FEBREIRO DE 2016.- O Alcalde, Jorge Val Díaz

**ANEXO I****COMUNICACIÓN PREVIA DE PECHES E SALVACUNETAS**

<b>Datos do propietario da finca</b>
Nome e apelidos
N.I.F.
Enderezo postal e electrónico a efectos de notificacións
Teléfono
Nome da persoa ou empresa responsable da execución das obras

<b>Datos da finca</b>		
Nome da finca, lugar ou sitio e parroquia		
Identificacións catastrais	<b>Polígono</b>	<b>Parcela</b>
	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
<b>Datos da obra</b>		
Datas previstas de inicio e remate		

En aplicación da ORDENANZA XERAL REGULADORA DO USO E APROVEITAMENTO ESPECIAL DE VÍAS PÚBLICAS, ACCESOS E PECHES DAS FINCAS COLINDANTES E ESPAZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, comunico o inicio das obras indicadas previamente.

Documentación que achega:

- Plano catastral identificativo da finca.
- Memoria e orzamento previsto, con descrición dos materiais a empregar, acoutado de recuamentos á vía pública do peche.
- Memoria descritiva e acoutado do paso salvacunetas

.....a ... de .... 201....

**ANEXO II****COMUNICACIÓN PREVIA DAS OPERACIÓN DE SACA DE MADEIRA**

Datos da empresa madeireira
Denominación
N.I.F.
Enderezo
Teléfono
Nome da persoa encargada

Datos da propiedade forestal		
Especie de madeira obxecto da corta		
Volume total da madeira a extraer (m <sup>3</sup> )		
Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia		
Identificacións catastrais	Polígono	Parcela
	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
Datos do aproveitamento forestal		
Datas previstas de inicio e remate		
Lugar onde se depositará a madeira		

En aplicación da ORDENANZA XERAL REGULADORA DO USO E APROVEITAMENTO ESPECIAL DE VÍAS PÚBLICAS, ACCESOS E PECHES DAS FINCAS COLINDANTES E ESPAZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, comunico o inicio de actividades forestais nas parcelas indicadas previamente.

Documentación que achega:

- Fotocopia compulsada da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta.
- Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar.
- Fotocopia compulsada do último recibo pagado do seguro de responsabilidade civil.

.....a ... de .... 201

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ALFOZ**